

TURISMO DE SANXENXO, S.L. - Concurso convocado para o outorgamento da autorización administrativa necesaria para a organización, xestión e explotación da Feira de artesanía da vila de Portonovo durante a tempada de verán de 2022

EXAME DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLAS ASOCIACIÓNS PARTICIPANTES NO CONCURSO DE REFERENCIA, CONVOCADO POR TURISMO DE SANXENXO, S.L., A EFECTOS DE COMPROBAR SE DA CUMPRIMENTO AOS REQUISITOS ESTABLECIDOS NA BASE 6 DO PREGO DE BASES REITOR DO MESMO

A requirimento da Presidencia de TURISMO DE SANXENXO, S.L.. de data 24 de maio de 2022, emítase o presente Informe que ten por obxecto examinar a documentación presentada polas diferentes Asociacións participantes no concurso convocado para o outorgamento da autorización administrativa necesaria para a organización, xestión e explotación da Feira de artesanía da vila de Portonovo durante a tempada de verán de 2022, a efectos de comprobar se da cumprimento aos requisitos establecidos na Base 6 do Prego, e de si existisen defectos subsanables, co obxecto de determinar se procede admitir ou non ás participantes.

En primeiro lugar, cabe recordar que, de acordo co disposto na Base 9 do Prego:

Para participar no presente concurso, o interesados deberán presentar a súas solicitudes en dous sobres electrónicos, nos que incluírán a seguinte documentación:

- **Sobre n.º1 : Solicitud e documentación da entidade:**
 - Solicitud cumprimentada segundo o modelo adxunto como Anexo III.
 - Nome e CIF da entidade.
 - Estatutos.
 - Escritura pública de constitución ou acta fundacional.
 - Número de teléfono fixo e móbil; correo electrónico a efectos de notificacións.
 - Certificado de estar ao corrente nas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, e de non dispor de ningunha débeda contraída co Concello de Sanxenxo, nin con ningún ente dependente do mesmo (Ínsula Sanxenxo Empresa Municipal da Vivenda e do Solo, S.L., Turismo de Sanxenxo, S.L., o Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo e Nauta Sanxenxo, S.L.)
 - Declaración responsable, aceptando as presentes bases, segundo o modelo adxunto como Anexo IV.
 - Póliza de responsabilidade civil nos termos requiridos na base 6, na que se acredite a súa vixencia para a duración total da autorización, e último recibo de pago. Subsidiariamente, compromiso vinculante da súa contratación no momento de resultar adxudicatario, con carácter previo ao desenvolvemento da actividade.

Á vista da documentación aportada neste Sobre nº 1, procederáse a corroborar o cumprimento dos requisitos de capacidade e condicións de solvencia especificamente esixidas na Base 6 deste Prego:

BASE 6º. Capacidade e condicións de solvencia das entidades solicitantes.

Atendendo á finalidade perseguida co presente procedemento, poderán presentar solicitude no mesmo as entidades que cumpran as seguintes condicións:

- A. Ter a condición de entidade con personalidade xurídica sen ánimo de lucro.
- B. Ter por obxecto a representación dos intereses dos artesáns e, particularmente, a realización de actividades, eventos e talleres de carácter artesanal.
- C. Non atoparse incurso en ningunha das prohibicións de contratar que enumera o artigo 71 da Lei de Contratos do Sector Público.
- D. Non dispor de ningunha débeda contraída co Concello de Sanxenxo, nin con ningún ente dependente do mesmo (Ínsula Sanxenxo Empresa Municipal da Vivenda e do Solo, S.L., Turismo de Sanxenxo, S.L., o Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo e Nauta Sanxenxo, S.L.)
- E. Dispor a data de presentación da solicitude, e durante toda a duración da autorización, dun seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos derivados da actividade a desenvolver no dominio público, por importe mínimo de TRESCENTOS MIL EUROS (300.000 €). Ou, no seu defecto, dun compromiso vinculante da súa subscricións no caso de resultar adxudicatario, con carácter previo ao desenvolvemento da actividade.
- F. Cumprir con todas e cada unha das especificacións das presentes bases (con especial referencia ás determinacións vinculantes sobre a organización da Feira de Artesanía).

Tendo en consideración o anterior, seguidamente se pasa a realizar unha análise da documentación presentada por cada unha das entidades participantes no concurso:

- **ASOCIACIÓN DE VENDEDORES DE CALLE DE ASTURIAS**

Esta Asociación presentou no marco do presente concurso os seguintes documentos relevantes aos efectos que nos ocupan:

- Solicitude de participación no concurso convocado, de conformidade co modelo Anexo ao Prego reitor do proceso, no que figura a denominación, CIF, teléfono e correo electrónico da entidade participante.
- Declaración responsable, debidamente asinada, de conformidade co modelo Anexo ao Prego reitor do proceso, no que se corrobora, entre outras cuestións, que a entidade non se atopa incurso en ningunha das prohibicións de contratar que enumera o artigo 71 da LCSP, e que a entidade coñece e cumpre todas e cada unha das especificacións do Prego reitor do concurso (con especial referencia ás determinacións vinculantes obre a organización da Feira de Artesanía).

- Póliza de seguro de responsabilidade civil vixente dende o 11 de abril de 2022 e ata o 10 de abril de 2023 que cubre os riscos derivados da actividade a desenvolver no dominio público, por importe de 300.000 euros.
- Xustificante do último pago realizado da póliza de seguro de responsabilidade civil previamente referida (12 de abril de 2022).
- Estatutos da Asociación, nos que se constata que nos atopamos ante unha entidade con personalidade xurídica e sen ánimo de lucro co seguinte obxecto:
 - Representar, promover y defender los intereses de la "Asociación de Vendedores de Calle de Asturias".
 - Solicitar, Organizar y distribuir los puestos de venta en la vía pública, espacios abiertos, Mercadillos, Ferias y Fiestas.
 - Fomentar la mejora de las instalaciones que afecten a la Venta Callejera así como desarrollar actividades de difusión, formación y creación artística.
 - Mejorar las condiciones sociales y laborales de sus asociados.
 - Cuantas actividades sean consecuencia o complemento de las anteriores.

Para maior claridade transcríbese, asemade, o artigo 3 dos Estatutos:

ARTICULO 3.- El ámbito de la Asociación es el Principado de Asturias y pueden ser miembros de la misma, mediante afiliación voluntaria, previo aval de cuatro socios y con acatamiento de los presentes estatutos, todas las personas físicas mayores de edad con capacidad de obrar, que no estén sujetas a ninguna condición legal para el ejercicio del derecho, con domicilio fiscal y administrativo en Asturias con una antigüedad de dos años, que tengan como actividad la venta fuera de establecimiento comercial permanente, en la vía pública, espacios abiertos, emplazamientos autorizados para mercadillos ocasionales o periódicos o similares, y que, legalmente

establecidos, ejerzan la actividad en Asturias a título principal y tengan como objeto la venta de Bisutería, Artesanía, Complementos y Artículos de pequeño ornato.

- Certificado de cargos que ostentan a representación legal da asociación.

Preséntanse, ademais, diferentes documentos que non esenciais a efectos do obxecto do presente Informe.

Á vista do establecido na Base 9, constatase a ausencia de:

- A escritura pública de constitución ou acta fundacional da Asociación.
- Certificado de estar ao corrente nas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, e de non dispor de ningunha débeda contraída co Concello de Sanxenxo, nin con ningún ente dependente do mesmo (Ínsula Sanxenxo Empresa Municipal da Vivenda e do Solo, S.L., Turismo de Sanxenxo, S.L., o Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo e Nauta Sanxenxo, S.L.)

Entendemos que a falta de aportación destes dous documentos tratase dun requisito subsanable, sempre e cando a entidade presente, no prazo outorgado a tal efecto, ambos documentos.

Sen prexuízo do anterior, dunha análise da documentación aportada constatase a existencia dun incumprimento do establecido na Base 6.B do Prego reitor da convocatoria: á vista do establecido nos Estatutos da Asociación, non nos atopamos ante unha entidade que teña por obxecto a representación dos intereses dos artesáns e, particularmente, a realización de actividades, eventos e talleres de carácter artesanal.

A Base 1 do Prego determina explicitamente o seguinte:

“A actividade a explotar no espazo autorizado (Feira de Artesanía da vila de Portonovo) comprenderá, exclusivamente, (1) as vendas ó por menor de produtos artesanais, entendendo como tales os bens e produtos de autor singularizados pola súa orixe, incluídos os de transformación, nos que a intervención persoal é determinante no proceso de elaboración e acabado cuxo resultado sexa un produto final de factura individualizada e distinta da propiamente industrial, e (2) a realización de calquera actividade artesanal, entendendo como tales todas as actividades económicas que supoñan a creación, produción, restauración ou reparación de bens de valor artístico ou popular, así como a prestación de servizos, sempre que os mesmos se presten ou se obteñan mediante procesos en que a intervención persoal constitúe un factor predominante e o produto final sexa de factura individualizada e distinta da propiamente industrial”.

A configuración do concurso convocado artellase entorno a unha premisa básica: a natureza da Feira da vila de Portonovo como unha Feira de Artesanía, adicada exclusivamente á venda de produtos artesanais, e á realización de actividades artesanais, tal e como estes conceptos se definen na Lei 1/1992, de 11 de marzo, de artesanía de Galicia. O que TURISMO DE SANXENXO, S.L. parece buscar é precisamente promover un evento intimamente vinculado á artesanía, que permita conectar o turismo de verán na área de Sanxenxo co desfrute de servizos e comercialización de produtos de proximidade, de elaboración personalizada, e gran valor engadido (Base 1.2). Esta delimitación tan precisa e axustada do obxecto, finalidade e esencia da Feira ten un dobre obxectivo: garantir a organización dun evento específico para vendedores que ostenten a condición de artesáns, e excluír calquera outro tipo de venda ambulante, de rúa, que non teña cabida no estrito concepto e definición que a normativa vixente en materia de artesanía prevé para esta concreta tipoloxía de produtores.

En coherencia co sentido e finalidade deste concurso, e para lograr o fin proposto, o Prego establece, de maneira clara, dúas condicións esenciais:

- Por unha parte, que soamente poderán resultar adxudicatarias dese procedemento aquelas entidades que teñan por obxecto especificamente a representación dos intereses de artesáns, e, particularmente, a realización de actividades, eventos e talleres de carácter artesanal.

Deste xeito, busca garantirse que a entidade encargada da organización e xestión da Feira sexa unha entidade especializada en artesanía, con experiencia en eventos e programación de actividades puramente artesanais (non de calquera outro tipo de venda ambulante) e cuxos membros asociados ostenten a condición de artesáns, nos termos que se define na normativa autonómica.

Como é evidente, as entidades que teñan entre o seu obxecto a defensa dos intereses dos artesáns, e se configuren entorno a esta específica tipoloxía de vendedores e prestadores de servizos, terán os medios e capacidade suficiente para configurar unha Feira nos termos establecidos na Base 1 do Prego, e a posibilidade (intrínseca á súa natureza) de conseguir ocupar todas as casetas dos eventos a organizar con actividades e produtos puramente artesanais.

- E, por outra, que esta entidade estará obrigada a garantir que os terceiros que ocupen e exploten as casetas da Feira estean en posesión do carné de artesán expedido pola Dirección Xeral de Comercio, e exerzan unha actividade artesanal nos termos que se define no artigo 2 da Lei 1/1992, de 11 de marzo, de Artesanía de Galicia.

Pois ben, no caso da Asociación de Vendedores de Calle en Asturias, á vista dos Estatutos da entidade extraese que o obxecto da mesma non é a representación dos intereses de artesáns, nin a realización de actividades, eventos e talleres de carácter artesanal.

Trátase dunha entidade conformada non por artesáns, senón por persoas que teñan como actividade calquera tipo de venda fora dun establecemento comercial permanente, na vía pública, espazos abertos, emprazamentos autorizados, e que exerzan a actividade en Asturias a título principal, e teñan como obxecto a venda de artesanía, pero tamén bixería, complementos e artigos de ornato.

Dito doutro modo: o ámbito desta entidade non é a representación dos intereses dos artesáns especificamente, nin a realización de actividades exclusivamente artesanais. O seu obxecto estendese á venda ambulante con carácter xeral, e comprende a defensa de todas aquelas persoas que levan a cabo actividades de venda fora de establecemento comercial permanente (incluíndo artigos e servizos non estritamente derivados da artesanía). Precisar que a venda ambulante podería amparar actividades de venda de produtos alimenticios e a revenda de produtos, algo que precisamente se busca evitar neste evento, limitado única e exclusivamente a venda e actividades de valor engadido, singular valor artístico e popular, e cunhas características determinadas (máis limitadas que as que poden levarse a cabo con carácter xeral nos postos de venda ambulante).

Ademais do anterior, é preciso ter en consideración que o ámbito desta Asociación limítase, territorialmente, ao Principado de Asturias, o que *a priori* suporía a imposibilidade desta entidade de levar a cabo as actividades de organización e xestión de eventos e Feiras desta tipoloxía fora do ámbito de dita Comunidade Autónoma. Elo impediría a organización da Feira que nos ocupa, no termo municipal de Sanxenxo, fora do ámbito de actuación asociacional.

Por este motivo, entendemos que a oferta presentada pola Asociación non reúne todos os requisitos esixidos polo Prego para poder ser admitida, incumpríndose unha condición básica de capacidade.

- **ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESÁNS**

Esta Asociación presentou no marco do presente concurso os seguintes documentos:

- Solicitud formulada ante o Concello de Sanxenxo con data 18 de maio de 2022 de emisión de certificado acreditativo de non dispor de ningunha débeda contraída co Concello de Sanxenxo, nin con ningún ente dependente do mesmo (Ínsula Sanxenxo Empresa Municipal da Vivenda e do Solo, S.L., Turismo de Sanxenxo, S.L., o Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo e Nauta Sanxenxo, S.L.).
- Póliza de seguro de responsabilidade civil vixente dende o 10 de novembro de 2021 ata o 10 de novembro de 2022 que cubre os riscos derivados da actividade a desenvolver no dominio público, por importe de 600.000 euros.
- Suplemento da póliza de seguro de responsabilidade civil previamente referida coa finalidade de incluír de maneira expresa entre as actividades obxecto de cobertura a Feira de Artesanía a levar a cabo entre o 8 de xullo de 2022 e ata o 2 de setembro de 2022 no termo municipal de Sanxenxo.
- Xustificante do último pago realizado da póliza de seguro de responsabilidade civil previamente referida (11 de novembro de 2021).
- Poder notarial de representación.
- Acta de constitución da Asociación.
- Estatutos da Asociación, nos que se constata que nos atopamos ante unha entidade con personalidade xurídica e sen ánimo de lucro co seguinte obxecto:

Artículo 6º.- Constituyen los fines de la Asociación:

- a) la representación, defensa y promoción de los intereses económicos, sociales profesionales y culturales de sus afiliados.
- b) fomentar la solidaridad de los artesanos afiliados, promocionando y creando servicios comunes de naturaleza asistencial.
- c) programar las acciones necesarias para conseguir mejoras sociales y económicas de sus afiliados.
- d) organizar una constante labor formativa y de promoción cultural de sus afiliados.
- e) la relación con Organismos Nacionales e Internacionales en orden al mejor desarrollo de los intereses del Sector Artesanal.
- f) cualquier otro de similar naturaleza.

Para maior claridade, transcríbese, asemade, o artigo 2:

Artículo 2º.- La ASOCIACION GALEGA DE ARTESANOS, tendrá ambito en la Comunidad Autonoma de Galicia, integrando a las personas que voluntariamente soliciten su afiliación y que reúnan las condiciones legales exigidas para ser consideradas artesanas contempladas en el Real Decreto 1520/1982 de 18 de Junio.

- Declaración responsable, debidamente asinada, de conformidad co modelo Anexo ao Prego reitor do proceso, no que se corrobora, entre outras cuestións, que a entidade non se atopa incurso en ningunha das prohibicións de contratar que enumera o artigo 71 da LCSP, e que a entidade coñece e cumpre todas e cada unha das especificacións do Prego reitor do concurso (con especial referencia ás determinacións vinculantes obre a organización da Feira de Artesanía).
- Certificado do CIF da entidade.
- Certificado de non ter pendente ningunha reclamación por débedas xa vencidas coa Seguridade Social actualmente vixente.
- Certificado de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, actualmente vixente.
- Certificado de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa ATRIGA, actualmente vixente.
- Solicitud de participación no concurso convocado, de conformidad co modelo Anexo ao Prego reitor do proceso, no que figura a denominación, CIF, teléfono e correo electrónico da entidade participante.

Preséntanse, ademais, diferentes documentos que non esenciais a efectos do obxecto do presente Informe.

A documentación presentada é a esixida pola Base 9 do Prego reitor, e permite constatar o cumprimento de todos os requisitos establecidos na Base 6, sempre e cando se constate que, á vista da solicitud formulada, a Asociación non dispón de ningunha débeda contraída co Concello de Sanxenxo, nin con ningún ente dependente do mesmo (Ínsula Sanxenxo Empresa Municipal da Vivenda e do

Solo, S.L., Turismo de Sanxenxo, S.L., o Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo e Nauta Sanxenxo, S.L.).

Máis concretamente, é conveniente precisar que esta Asociación se axusta estritamente ao previsto na Base 6.B: atopámonos ante unha Asociación integrada exclusivamente por persoas que reúnan as condicións legalmente esixidas para poder considerarse artesáns, e o seu obxecto comprende única e exclusivamente a defensa dos intereses dos seus afiliados (artesáns), e a realización de todas aquelas actividades e eventos vinculados coa promoción, fomento e desenvolvemento da actividade artesanal dos seus afiliados. É coherente co esixido no Prego desta convocatoria.

Entendemos que a solicitude presentada pola Asociación reúne os requisitos esixidos polo Prego para poder ser admitida.

• **ASOCIACIÓN DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD FÍSICA**

Esta Asociación presentou no marco do presente concurso os seguintes documentos:

- Solicitude de participación no concurso convocado, de conformidade co modelo Anexo ao Prego reitor do proceso, no que figura a denominación, CIF, teléfono e correo electrónico da entidade participante.
- Certificado do CIF da entidade.
- Acta fundacional da Asociación, na que consta o certificado de cargos.
- Estatutos da Asociación, nos que se constata que nos atopamos ante unha entidade con personalidade xurídica e sen ánimo de lucro co seguinte obxecto:

La Federación tiene como fines: LA ASOCIACIÓN DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD FÍSICA (APDF) Y AMIGOS QUE LA COMPONEN TIENEN EL COMETIDO DE AYUDAR A ESAS PERSONAS QUE NECESITAN APOYO PERSONAL Y PSICOLÓGICO Y NECESITAN EN QUIEN PODER CONFÍAR, PORQUE DESPUÉS DE TENER UNA MINUSVALÍA SE SIENTEN DISTINTAS A LOS DEMÁS. LA ASOCIACIÓN SE CREA PARA AYUDAR A ESAS PERSONAS SU MINUSVALÍA POR ACCIDENTE O ENFERMEDAD, Y HACER QUE SE ENCUENTREN EN EL CENTRO QUE ESTAMOS CREANDO PARA ELLOS, Y ASÍ PODER RECIBIR LA AYUDA NECESARIA. EN EL CENTRO HABRÁ PERSONAS PARA ECHARLES UNA MANO Y COMPRENDERLES Y QUE VEAN QUE EL APOYO, CONFIANZA Y LAS PERSONAS PARA QUE TODO SEA ASÍ LO ENCUENTRAN ALLÍ.

Para el cumplimiento de estos fines se realizarán las siguientes actividades:

SEFAN TODO LO QUE NECESITEN LAS PERSONAS AFECTADAS POR MINUSVALÍA, ENTRETENIMIENTO, CHARLAS, SALA DE MASAJES, TERAPIA, TALLERES PARA MERCADILLOS QUE CREENOS Y ORGANIZADOS PARA HACERLES SENTIRSE REALIZADOS CON LO QUE APRENDAN Y PUEDAN VENDER PARA LA AYUDA DE LA ASOCIACIÓN, HACIENDO ESOS EVENTOS EN FAVOR DE LAS PERSONAS CON DISCAPACIDAD

- Declaración responsable, debidamente asinada, de conformidad co modelo Anexo ao Prego reitor do proceso, no que se corrobora, entre outras cuestións, que a entidade non se atopa incurso en ningunha das prohibicións de contratar que enumera o artigo 71 da LCSP, e que a entidade coñece e cumpre todas e cada unha das especificacións do Prego reitor do concurso (con especial referencia ás determinacións vinculantes obre a organización da Feira de Artesanía).
- Póliza de seguro de responsabilidade civil vixente dende o 1 de xullo de 2022 ata o 15 de setembro de 2022 que cubre os riscos derivados da actividade a desenvolver no dominio público, por importe de 300.000 euros.
- Declaración da imposibilidade aportar o certificado de non ter pendente ningunha reclamación por débedas xa vencidas coa Seguridade Social, e da súa solicitude (prevista cita para recollida o día 27 de maio de 2022).
- Certificado de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, actualmente vixente.

Preséntanse, ademais, diferentes documentos que non esenciais a efectos do obxecto do presente Informe.

Á vista do establecido na Base 9, constatase a ausencia de:

- A escritura pública de constitución ou acta fundacional da Asociación.
- Cláusulas particulares e xerais da póliza de seguro, debidamente subscrias.
- Xustificante de contar a data de presentación da solicitude (e durante toda a duración da autorización) cun seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos derivados da actividade a desenvolver no dominio público, por importe mínimo de 300.000 euros.

Se ben a entidade presenta a póliza dun seguro destas características vixente dende o 1 de xullo de 2022 ata o 15 de setembro de 2022, non figura á data de presentación de solicitude ningún seguro vixente, nin o compromiso ou declaración expresa de manter vixente este seguro durante toda a duración da autorización, aboando o correspondente recibo cando proceda.

- Certificado de estar ao corrente nas obrigacións tributarias (a nivel estatal e autonómico) e coa Seguridade Social.
- Certificado de non dispor de ningunha débeda contraída co Concello de Sanxenxo, nin con ningún ente dependente do mesmo (Ínsula Sanxenxo Empresa Municipal da Vivenda e do Solo, S.L., Turismo de Sanxenxo, S.L., o Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo e Nauta Sanxenxo, S.L.)

Entendemos que a falta de aportación destes documentos tratase dun requisito subsanable, sempre e cando a entidade presente, no prazo outorgado a tal efecto, ditos documentos. **Unha vez aportados os mesmos, e tras a súa análise, determinarase a procedencia de admitir ou inadmitir a solicitude formulada por esta entidade.**

Cabe precisar xa neste punto que, no que respecta ao requisito establecido na Base 6.B, á vista da documentación presentada alcanzase a conclusión de que a Asociación se axusta a este condicionante: atopámonos ante unha entidade integrada por persoas con discapacidade física (e amigos) que, non obstante, no que respecta aos seus fins e obxectivos, recolle especificamente o de elaboración de manualidades (produtos de tipoloxía artesanal) por parte dos seus membros, e a organización de eventos para proceder á venda deste tipo de produtos. Atendendo á definición que a Lei de Artesanía de Galicia ofrece de actividade artesanal, o concepto de manualidades elaboradas e comercializadas pola Asociación tería encaixe co previsto na Base 6.B, e sería coherente co esixido no Prego desta convocatoria: no que respecta a produción e venda de produtos en Feiras e mercadillos, o obxecto da Asociación centrase de xeito específico (como busca o Prego reitor) na elaboración de produtos manuais, nos que a intervención persoal constitúe un factor predominante, e o produto final é de factura individualizada distinta da propiamente industrial. Apártase das actividades xerais de venda ambulante, que comprenden modalidades de comercialización e produtos que se exclúen explicitamente desta convocatoria, e centrase na organización de actividades para a venda de produtos manuais, aliñados co sector da artesanía, e a representación e defensa dos intereses dos seus membros que, como produtores deste tipo de elementos, reunirían os requisitos necesarios para ostentar a condición de artesán. Deste xeito, cumprese o principal obxectivo que busca o Prego deste concurso: garantir que a entidade encargada da organización e xestión da Feira sexa unha entidade especializada en produtos especificamente artesanais, con experiencia na comercialización, venda e organización de eventos vinculados a esta liña de produtos elaborados de xeito manual, con valor engadido.

- **ASOCIACIÓN ACTIVA**

Esta Asociación presentou no marco do presente concurso os seguintes documentos:

- Solicitude de participación no concurso convocado, de conformidade co modelo Anexo ao Prego reitor do proceso, no que figura a denominación, CIF, teléfono e correo electrónico da entidade participante.
- Certificado do CIF da entidade.

- Acta fundacional da Asociación, na que consta o certificado de cargos.
- Estatutos da Asociación, nos que se constata que nos atopamos ante unha entidade con personalidade xurídica e sen ánimo de lucro co seguinte obxecto:

La Asociación tiene como fines

La representación y agrupación a todas aquellas personas físicas o jurídicas que realicen una actividad comercial ambulante. Así como la defensa de sus derechos e intereses.

Artículo 4. Actividades.

Para el cumplimiento de estos fines se realizarán las siguientes actividades:

La representación, intermediación, participación y organización de eventos en espacios públicos o privados dentro del territorio español.

Así como todo tipo de acciones y actuaciones tendientes a lograr los objetivos descritos en el artículo 3.

- Certificado de non ter pendente ningunha reclamación por débedas xa vencidas coa Seguridade Social de data 26 de maio de 2019.
- Solicitud formulada ante o Concello de Sanxenxo con data 21 de maio de 2022 de emisión de certificado acreditativo de non dispor de ningunha débeda contraída co Concello de Sanxenxo, nin con ningún ente dependente do mesmo (Ínsula Sanxenxo Empresa Municipal da Vivenda e do Solo, S.L., Turismo de Sanxenxo, S.L., o Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo e Nauta Sanxenxo, S.L.).
- Declaración responsable, debidamente asinada, de conformidade co modelo Anexo ao Prego reitor do proceso, no que se corrobora, entre outras cuestións, que a entidade non se atopa incurso en ningunha das prohibicións de contratar que enumera o artigo 71 da LCSP, e que a entidade coñece e cumpre todas e cada unha das especificacións do Prego reitor do concurso (con especial referencia ás determinacións vinculantes obre a organización da Feira de Artesanía).
- Certificado de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT de data 26 de maio de 2019, e valido por período de seis meses.

Á vista do establecido na Base 9, constatase a ausencia de:

- Xustificante de contar a data de presentación da solicitude (e durante toda a duración da autorización) cun seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos derivados da actividade a desenvolver no dominio público, por importe mínimo de 300.000 euros.
- Último recibo de pago do seguro previamente referido.
- Certificado actualizado de estar ao corrente nas obrigacións tributarias (a nivel estatal e autonómico) e coa Seguridade Social (aporta certificados vencidos).

- Certificado de non dispor de ningunha débeda contraída co Concello de Sanxenxo, nin con ningún ente dependente do mesmo (Ínsula Sanxenxo Empresa Municipal da Vivenda e do Solo, S.L., Turismo de Sanxenxo, S.L., o Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo e Nauta Sanxenxo, S.L.)

Entendemos que a falta de aportación destes dous documentos tratase dun requisito subsanable, sempre e cando a entidade presente, no prazo outorgado a tal efecto, estes documentos.

Sen prexuízo do anterior, dunha análise da documentación aportada constatase a existencia dun incumprimento do establecido na Base 6.B do Prego reitor da convocatoria: á vista do establecido nos Estatutos da Asociación, non nos atopamos ante unha entidade que teña por obxecto a representación dos intereses dos artesáns e, particularmente, a realización de actividades, eventos e talleres de carácter artesanal.

Remítimonos, a estes efectos, á xustificación e explicación detallada no primeiro punto deste Informe.

No caso da Asociación Activa, á vista dos Estatutos da entidade extraese que o obxecto da mesma non é a representación dos intereses de artesáns, nin a realización de actividades, eventos e talleres de carácter artesanal.


Trátase dunha entidade que ten como fin, de maneira xenérica, a representación e agrupación de todas aquelas persoas físicas e xurídicas que realicen unha actividade comercial ambulante, incluíndo como actividades para a consecución destes fins a organización de eventos vinculados coa venda ambulante.

Dito doutro modo: o ámbito desta entidade non é a representación dos intereses dos artesáns especificamente, nin a realización de actividades exclusivamente artesanais. O seu obxecto estendese á venda ambulante con carácter xeral, e comprende a representación e defensa de todas aquelas persoas que levan a cabo actividades de venda fora de establecemento comercial permanente (incluíndo artigos e servizos non estritamente derivados da artesanía).

Por este motivo, entendemos que a oferta presentada pola Asociación non reúne todos os requisitos esixidos polo Prego para poder ser admitida, incumpríndose unha condición básica de capacidade.

Esta é a miña opinión, que someto a calquera outra mellor fundada en Dereito.

En Sanxenxo, a 30 de maio de 2022.



Colexiado nº1262 ICA Vigo